

### 3. CLASIFICACIÓN DAS TEORÍAS ÉTICAS SEGUNDO DISTINTOS CRITERIOS

Existen diferentes xeitos de facer a clasificación das teorías éticas segundo o criterio que atendamos, deste xeito podemos dicir:

| CRITERIO                                                                                                            | OPCIÓN                                    | DESCRIPCIÓN                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1º ¿Existen valores morales que sexan universalmente válidos?                                                       | UNIVERSALISMO MORAL                       | As éticas universalistas defenden a existencia de valores morales universales tales como a xustiza, a beleza, a bondade, a partir dos cales xulgar accións concretas. (Sócrates, Platón)                                                                                                                                                                                 |
|                                                                                                                     | RELATIVISMO MORAL                         | As éticas relativistas sosteñen que os valores morales varían dunhas sociedades a outras ou dun suxeito a outro. Ningún é máis verdadeiro que outro. (Os sofistas como Gorgias, Protágoras e os escépticos como Pirrón)                                                                                                                                                  |
| 2º ¿Que determina o valor moral dunha acción (que sexa boa ou mala)?                                                | ÉTICAS TELEOLÓXICAS ou CONSECUENCIALISTAS | Estas éticas danlle importancia ao fin que se persegue coa acción (telos = fin), é dicir, o valor moral dunha acción vén determinada pola finalidade da propia acción, sendo boa se logra o seu fin e mala se non o logra.                                                                                                                                               |
|                                                                                                                     | ÉTICAS DEONTOLÓXICAS                      | Segundo estas éticas o valor moral dunha acción non vén marcada polas súas consecuencias senón pola súa concordancia co “deber ser”, coa norma. Se a acción ríxese pola norma entón é moralmente boa, en caso contrario é moralmente mala.                                                                                                                               |
| 3º ¿Cal é o fundamento das avaliacións morais? É dicir, en que baseámonos para dicir que unha acción é boa ou mala? | RACIONALISMO MORAL                        | Segundo os Racionalistas morais é a facultade da Razón, común a todos os humanos, a que nos mostra o que é bo ou malo.                                                                                                                                                                                                                                                   |
|                                                                                                                     | EMOTIVISMO MORAL                          | Os emotivistas morais defenden que non é a Razón senón os sentimentos, os afectos o que nos di cando unha acción é boa ou mala, xa que xurde en nós unha emoción de aprobación ou reprobación ante unha acción concreta.                                                                                                                                                 |
| 4º ¿Que debe conter un bo código moral?                                                                             | ÉTICAS MATERIAIS                          | Estas éticas primeiro identifican que é o bo e desexable e logo enchen de contido unha serie de normas para alcanzar esa finalidade. Por exemplo: “o bo é aprobar” polo tanto unha ética material dirá o seguinte “teño que estudar para aprobar”. Polo tanto, unha ética material é aquela na que a norma establece como temos que actuar, dinos o que temos que facer. |
|                                                                                                                     | ÉTICAS FORMAIS                            | Estas éticas non falan do contido da norma, non nos din como temos que actuar soamente proporcionan unha norma xeral (sen contido específico) que logo nós temos                                                                                                                                                                                                         |

|                                                                         |                   |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
|-------------------------------------------------------------------------|-------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                                         |                   | que adaptar a cada circunstancia. Por exemplo, “actúa sempre de xeito que queras que os demais tamén actúen así”. Esta norma é formal porque non fala de ningunha situación concreta e polo tanto non indica como tes que actuar nunha determinada situación, o único que proporciona é un modo de actuar sen contido. |
| 5º ¿Ata onde deben chegar as propostas morais ou os imperativos morais? | ÉTICAS DE MÁXIMOS | Son as éticas tradicionais que marcan o que é mellor para nós, o máximo ao que débese aspirar. Por exemplo, a felicidade é o máximo ben, polo tanto esa debe ser a máxima aspiración ética e todos os seus imperativos e as nosas accións terían que encamiñarse a súa consecución.                                    |
|                                                                         | ÉTICAS DE MÍNIMOS | Estas outras éticas non che din o que é o mellor, soamente indican cales son os valores mínimos morais que téñense que asegurar para que a convivencia en comunidade sexa viable, como por exemplo “non matar”.                                                                                                        |